

Xoves, 9 de maio de 2024

Núm. 91

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL**

ILLA DE AROUSA, A

Recadación*COBRO DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DA PRAZA ABASTOS
CORRESPONDENTE A MARZO 2024**ANUNCIO DE COBRANZA POSTOS PRAZA ABASTOS*

Mediante Resolución da Alcaldía 2024-0225, aprobouse a liquidación da taxa pola utilización das instalacións da praza de abastos correspondente ao mes de marzo do 2024, por un total de 277,96 €.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria aplicable á facenda das entidades locais e aplicando o disposto no artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 do marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, quedan expostos ao público durante o prazo de 15 días para o seu exame e para a reclamación por parte das persoas interesadas. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Contra as débedas consignadas nos padróns contributivos e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, as persoas interesadas poderán interpor os seguintes recursos:

— Reposición, perante a Alcaldía deste concello, no prazo de un mes, contado dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes dende a súa presentación non se resolve de maneira expresa.

— Contencioso-administrativo, perante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses dende a súa interposición, se non o fose.

— Calquera outro recurso que as persoas interesadas consideraren oportuno.

Prazo de ingreso: o período voluntario de cobranza do tributo indicado será do día 02 de maio de 2024 ao 01 de xullo de 2024, ámbolos dous inclusive.

Lugar de ingreso: en calquera oficina das entidades bancarias de Abanca, empregando o instrumento de cobramento que se facilitará polo departamento de Recadación.

A non recepción ou calquera outro erro nos datos consignados no documento de cobramento non exige da obriga de pagamento (artigo 102 da Lei xeral tributaria). As persoas contribuíntes que non recibisen ou extraviasen o xogo de impresos correspondente, disporán ata o último día do prazo citado para solicitar un duplicado nas dependencias municipais.



Xoves, 9 de maio de 2024

Núm. 91

As persoas contribuíntes poden domiciliar este pagamento segundo o disposto no artigo 38 do Regulamento xeral de recadación.

Días de ingreso: días hábiles, no horario de caixa establecido pola entidade colaboradora referida para o pagamento dos recibos non domiciliados.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen que se satisfixese a débeda, determinará o comezo do procedemento executivo, a esixibilidade da recarga correspondente e os demais conceptos legalmente previstos, tal e como se fixan nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

O alcalde-presidente,
(Documento asinado dixitalmente)

